



“BASES QUE REXIRAN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE 3 PEÓNS DE SERVIZOS VARIOS A XORNADA PARCIAL DE 30 HORAS SEMANAIS DURANTE 6 MESES, E SUBVENCIONADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, POLO SISTEMA DE CONCURSO - OPOSICIÓN”

Primeira.- Obxecto da Convocatoria

O obxecto da presente convocatoria é a contratación laboral temporal, mediante concurso-oposición de tres peóns de servizos varios para formar a cuadrilla de obras e servizos mínimos municipais.

Esta contratación será a xornada parcial de 30 horas semanais e a modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, cunha duración prevista de 6 meses, , en todo caso a contratación deberá finalizar antes do 31 de Decembro do 2023.

As actuacións obxecto do traballo serán as descritas no proxecto descritivo xeral dos servizos mínimos municipais obxecto do Programa presentado na solicitude de subvención á Deputación Provincial da Coruña, ao abeiro da resolución de aprobación de bases do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da Provincia PEL-Concellos 2023.

O contrato de duración determinada, rexerá polo establecido no contrato sendo as retribucións mensuais dos traballadores/as será de 1.008,00€ ao mes estando a paga extra xa prorrateada.

Segunda.- Requisitos dos/as aspirantes

- a. Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto nos artigos 56 e 57 do PREDE TREDEP, e no artigo 52 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.

“Artigo 57 referido o acceso o emprego público de nacionais doutros Estados: nos seguintes termos:





CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

.- Os nacionais dos Estados membros da Unión Europea poderán acceder, como persoal funcionario en igualdade de condicións que os españois ós empregos públicos, con excepción de aqueles que directa ou indirectamente impliquen unha participación no exercicio do poder público ou nas funcións que teñen por obxecto a salvagarda dos intereses do Estado ou das Administracións Públicas.

A tal efecto, os órganos do Goberno das Administracións públicas determinarán as agrupacións de funcionarios contempladas no artigo 76, ás que non poden acceder os nacionais doutros Estados.

.- As previsións do apartado anterior serán de aplicación calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de 21 anos ou maiores de dita idade dependentes.

.- O acceso ó emprego público como persoal funcionario, estenderase igualmente ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, nos termos establecidos no apartado 1 deste artigo.

.-Os estranxeiros aos que se refiren os apartados anteriores, así como os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás Administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois.

Conforme o artigo 1 da Lei 17/1993, de 23 de decembro, en redacción dada pola lei 55/1999 de 29 de decembro, poderán tomar parte nas probas selectivas, ademais dos españois: 1)os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, do Reino de Noruega ou da República de Islandia, 2)os cónxuxes dos españois e os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, do Reino de Noruega ou da República de Islandia, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os





CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, menores de 21 anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.

Os aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar o cumprimento dalgún dos requisitos anteriores xuntando á solicitude fotocopia compulsada do documento de identidade ou pasaporte. As persoas incluídas no apartado a.2) deberán presentar, ademais, os documentos expedidos polas autoridades competentes que acrediten o vínculo de parentesco e, no seu caso, unha declaración xurada o promesa do español ou do nacional da Unión Europea, de Noruega o de Islandia co que existe este vínculo de que non está separado de dereito do seu cónxuxe, ou de que o aspirante vive as súas expensas.

As persoas que non teñan nacionalidade española que superen o proceso selectivo non poderán desempeñar postos de traballo que supoñan a participación directa ou indirecta no exercicio do poder público. A Administración será a competente para determinar cales serán ditos postos de traballo.

- b. Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade nin estar afectado por doenza física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. No caso de minusvalía que non impida o exercicio das súas funcións deberá xustificarse por medio de certificación da Consellería competente da Xunta de Galicia.
- c. Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.
- d. Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. De ser nacional doutro Estado non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado nos mesmos termos o acceso ó emprego público.





CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

- e. Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade có disposto na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións.

Serán **requisitos específicos** en aplicación do disposto no punto 4.2. das bases específicas do programa de programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da Provincia PEL-Concellos 2023, os seguintes:

- A. Ser persoa desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego. Deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso.
- B. Para ser admitidos no presente procedemento selectivo, os/as aspirantes deberán atoparse **nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral**:
1. Ser muller, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes. Deberá acreditarse co DNI.
 2. Maiores de 45 anos. Deberá acreditarse co DNI.
 3. Persoas con discapacidade superior ao 33%, recoñecida pola administración competente. Esta condición hai que xustificala documentalmente a través do certificado de minusvalía expedido polo órgano competente.
 4. Persoa desempregada de longa duración. Terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano como demandante de emprego nos servizos públicos de emprego, a data que ser terá en conta sería o data da publicación de estas bases. Esta condición hai que xustificala documentalmente a través dun informe de Servizo Público de Emprego.
 5. Persoas vítimas de violencia de xénero, en situación de drogodependencia, que vivan nun fogar onde ninguén teña traballo, fogar monoparental, persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais ou persoas sen fogar. Estas





condicións acreditaranse a través dun informe dos servizos sociais municipais.

Terceira.- Presentación de solicitudes

A convocatoria e as presentes bases publicaranse no taboleiro de anuncios, na páxina web do concello en nun dos xornais de maior tirada da provincia de A Coruña.

As instancias, xunto co resto de documentación mínima que os aspirantes deben presentar solicitando participar no proceso selectivo poderán presentarse no modelo Anexo I, dirixirse ó Sr. Alcalde do Concello de Santiso, no prazo de **10 días naturais** contados a partir da publicación do anuncio das bases no xornal.

En previsión do establecido no artigo 16.4, na disposición transitoria cuarta e na disposición final sétima da Lei 39/2015, do 2 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, as instancias solicitando participar no proceso dirixiranse ao alcalde do Concello e presentaranse, debidamente cubertas, nalgunha das seguintes formas:

1. Na Oficina do Rexistro do Concello.
2. Nas oficinas de Correos, na forma que se estableza regulamentariamente.
3. Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.
4. Nas oficinas de asistencia en materia de rexistros.
5. A través da sede electrónica do Concello.

As solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Neste caso, os aspirantes deberán comunicalo mediante fax (981517910) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias, ou mediante e-mail (correo@santiso.gal). Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública, en caso de non realizar esta comunicación, vía fax ou e-mail, quedarán excluídos/as do procedemento de selección.





CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

Deberán presentarse solicitudes de participación diferenciadas se quere ser candidato/a a varias prazas e de ser seleccionado/a e superar varios procesos selectivos indicar xa na solicitude a opción prioritaria para a contratación.

A instancia acompañarase da seguinte documentación:

1. Fotocopia compulsada do DNI
2. Solicitude de instancia de participación (Anexo I)
3. Anexo II
4. Documentos xustificativos dos méritos alegados.
5. Documento xustificativo de estar incluído/a nalgún dos colectivos en situación de exclusión laboral descritos.
6. Documento acreditativo de estar en situación de desemprego e inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web as listas de admitidos e excluídos coa motivación da exclusión elevándose a definitiva a lista provisional de admitidos de non existir excluídos e outorgando tres días hábiles aos excluídos, no seu caso, para alegacións, procedéndose posteriormente á aprobación da lista definitiva.

Trala lista provisional elevada a definitiva ou lista definitiva de admitidos a Comisión seleccionadora procederá á realización valoración dos méritos do/a aspirante admitido/a e a realización da proba práctica.

En ningún caso serán valorados aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

Cuarta.- Criterios do Concurso - Oposición.





CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

O proceso selectivo constará de dúas fases: a primeira corresponderá á **fase de concurso de méritos** e a segunda corresponderá a unha **proba práctica** personalizada con cada un dos participantes.

4.1- Na fase de concurso valorarase o seguinte:

Baremo de méritos para valorar o concurso oposición das prazas de peóns de servizos varios.

- Experiencia laboral (puntuación máxima 6 puntos).

Por cada mes completo de servizos prestados en praza ou posto de similar ou análoga natureza á da praza convocada, acreditado cos contratos de traballo ou certificados das empresas ou administracións onde se prestaran os servizos e nos que consten os datos necesarios (duración do contrato e funcións desempeñadas) xunto co informe de vida laboral: 0,2 por mes até un máximo de **seis puntos**.

Non se computarán servizos inferiores a un mes, considerándose para estes efectos os meses de trinta días. Os servizos prestados a tempo parcial computaranse proporcionalmente.

- Formación (puntuación máxima 2 puntos).

En aplicación do disposto no punto 3.1. das bases específicas do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da Provincia PEL-Concellos 2023, publicadas pola Deputación Provincial da Coruña no BOP núm. 13 do 19/01/2023:

Valórase ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas:

o Por cada hora de formación recibida en programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral, 0.04 puntos por hora.

Acreditación destes méritos mediante copias dos correspondentes títulos ou diplomas.





O tribunal non poderá estimar o non achegado e probado polos/as aspirantes nos documentos achegados no momento de presentar a solicitude para admisión ás probas selectivas, sen que sexa admisíbel a concesión de prazo ningún para emendar a falta de alegación ou de proba de méritos.

4.2- Fase Oposición: Proba práctica

A comisión seleccionadora fará unha proba práctica desenvolvendo un traballo de características similares ó traballo que se desenvolverá posteriormente en cada un dos postos de traballo, para baremar a adecuación do candidato ao posto de traballo. O día de celebración e hora será publicado no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web do concello, cando se publique a lista definitiva de admitidos. A puntuación máxima será de **doce puntos**, debendo obter como mínimo unha puntuación de 6 puntos.

Quinta.- Comisión Seleccionadora

1.- O tribunal cualificador designado pola Alcaldía-Presidencia, estará integrado polos seguintes membros:

- **Presidenta:** M^a Teresa Alcalde Valle (Laboral fixo. Traballadora Social do Concello de Santiso)
- **Vogal:** José Manuel Veiga González (Laboral fixo. Peón-Tractorista do Concello de Santiso)
- **Vogal:** Secundino Quiñoy Amboage (Laboral fixo. Persoal de obras do Concello de Santiso)
- **Vogal:** María Jesús Rivas Moscoso (Laboral fixo. Auxiliar de Intervención do Concello de Santiso)
- **Secretario/a:** María Carmen Pulleiro Guerreiro (Funcionaria. Administrativa do Concello de Santiso) (con voz e sen voto).





CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

Os membros do tribunal están suxeitos ao disposto no artigo 23 da Lei 40/2015, do Réxime xurídico do sector público, e os dereitos por indemnización por asistencia, do Real Decreto 462/2002, sobre indemnizacións por razón do servizo.

2.- Os membros do tribunal poderán solicitar a colaboración e asesoramento técnico que estimen conveniente. O tribunal reunirse para a estimación dos méritos, e determinará o aspirante seleccionado pola aplicación dos criterios fixados na convocatoria, e propondrá ao Sr. Alcalde o nomeamento.

A Comisión non poderá constituírse sen a asistencia de polo menos tres membros sendo preciso, en todo caso, a asistencia do Presidente e do Secretario.

A cualificación dos méritos para o concurso oposición realizarase pola Comisión seleccionadora, axustándose ós criterios que establecen estas bases, que publicará no taboleiro de anuncios do Concello a relación de aspirantes presentados/as coa puntuación obtida. Tras a realización da proba práctica e a súa valoración por parte da Comisión, esta elevará ao Alcalde-Presidente a correspondente proposta de contratación a favor do/a candidato/a que obtiveran a maior puntuación total.

En caso de empate darase preferencia ao que teña maior tempo como demandante de emprego. De persistir desfaríase o empate por sorteo ante a Comisión Seleccionadora.

Se algún dos/as candidatos/as inicialmente proposto renunciase á contratación ou non puidese acredita-los requisitos necesarios, a proposta de contratación da Comisión Seleccionadora sería a favor do seguinte con maior puntuación total, permitíndose a creación de bolsa de traballo para a cobertura de posibles vacantes, e que dita bolsa de emprego queda sen efectos unha vez xustificada a subvención do Programa.

3.- O Alcalde, vista a proposta do tribunal, procederá á adopción do decreto correspondente que resolverá a contratación.

Sexta.- Formalización e duración do contrato





CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

A proposta da Comisión seleccionadora trasladarase á Alcaldía-Presidencia, para a resolución do expediente de selección, mediante decreto, que será publicado no taboleiro de anuncios do Concello.

O aspirante seleccionado e antes da súa contratación, deberá presentar a seguinte documentación:

- a. Copia da tarxeta sanitaria da Seguridade Social.
- b. Declaración xurada de non estar afastado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas nin se atopar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- c. Declaración xurada de non se achar incurso en causa de prohibición, incompatibilidade ou incapacidade.
- d. Certificado médico de non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatíbel co desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo.
- e. Número de conta bancaria.

A formalización do contrato laboral co/a aspirante seleccionado/a será competencia do Sr. Alcalde-Presidente.

Sétima.- Incidencias

A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten e adopta-los acordos necesarios para o bo funcionamento do concurso oposición en todo o non previsto nestas Bases.

Oitava.- Dereito supletorio

O non previsto nestas bases estarase ó disposto na lexislación laboral vixente que resulte de aplicación e, especialmente, ó disposto no Real Decreto 2/2018, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto do Traballador, na Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego Público de Galicia. e demais lexislación concordante en





CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

materia laboral así como normativa administrativa EBEP e demais normativa administrativa básica e de desenvolvemento aplicable en materia de selección de persoal o servizo das administracións públicas.

Novena.- Protección de datos

Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal incorporaranse ao Rexistro de Actividade de Tratamento (RAT) do que é responsable o Concello de Santiso, onde as persoas aspirantes poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, mediante comunicación ao Responsable do Tratamento, ben na dirección do Concello, Agro do Chao, s/n, Arcediago (A Coruña) ou a través de: correo@santiso.gal ; ante o Delegado de Protección de Datos (DPD), ben no domicilio profesional, Rúa da Concordia nº1, Entlo A e B (Ourense) ou na dirección de correo electrónico: protecciondedatos@ariasavogados.com; e a través de <https://www.aepd.es/>. Mediante a participación no presente proceso selectivo, as persoas aspirantes consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes, a cualificación de probas e a avaliación

Décimo.- Norma final

A presente convocatoria, as súas bases e tódolos actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderanos impugna-los interesados no caso e na forma dispostos na Lei 40/2015 de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

D./Dna.....,con DNI número





CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

.....e domicilio a efectos de notificacións e comunicación en.....CP.....localidade.....

.....telf.....

EXPON:

I.- Que ten coñecemento da convocatoria publicada e bases para a selección de tres peóns de servizos varios como persoal laboral temporal non permanente.

II.- Que está en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección.

Apórtase a tal efecto a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade
- Declaración xurada de reunir os requisitos esixidos na base segunda da presente convocatoria (Anexo II)
-
-
-
-
-
-
-

(no caso de ser necesario continuarase ao reverso enunciando a documentación que se achegue)

Polo exposto,

SOLICITA: Ser admitido ao correspondente proceso selectivo, aportando a estes efectos a documentación que se achega.

Lugar e data





CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESEDENTE DO CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

ANEXO II

D./Dña.....,con DNI número
.....e domicilio a efectos de notificacións e comunicación
en.....CP.....localidade.....
.....telf..... aos efectos de participar no procedemento de selección para dar
cobertura, mediante contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, de tres
peóns, de acordo coas bases da convocatoria, declara baixo xuramento:

- Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes ao posto de traballo ao que opta.
- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas.
- Non estar incurso/a nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.
- Ser persona desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e estar dispoñible para o emprego
- Estar incluído/a en colectivos en situación de exclusión laboral (marcar cunha X a que corresponda no seu caso)
 - Ser muller
 - Maior de 45 anos .
 - Persoa con discapacidade superior ao 33%
 - Parados de longa duración que leven máis de dous anos como mínimo como demandante de emprego.





CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

- Persoa desfavorecida que se atopa nalgunha das seguintes situacións:
 - Drogodependencia
 - Vivir nun fogar onde ninguén teña emprego
 - Persoa sen fogar
 - Persoa con fogar monoparental
 - Persoa con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.
 - Persoas vítimas de violencia de xénero.

E para que así conste, asino a presente en a de de 2023

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SANTISO (A CORUÑA)

